



CONCELLOS

CASTROVERDE

Anuncio

PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN PARA A PROVISIÓN DUN POSTO DE PEON-CONDUTOR DO CONCELLO DE CASTROVERDE, NO MARCO DO PROGRAMA DE FOMENTO DE EMPREGO 2024, FINANCIADO POLA EXCELENTISIMA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.

Por Xunta de Goberno Local de data 19 de xuño do 2024, aprobáronse as bases da convocatoria indicada.

As persoas aspirantes que desexen tomar parte no proceso selectivo deberán facelo constar mediante solicitude, dirixida ao Sr. Alcalde - Presidente do Concello de Castroverde con arreglo ao modelo que figura nas bases.

A presentación das solicitudes farase no rexistro de documentos do Concello de Castroverde ou en calquera dos restantes lugares previstos no artigo 16 da lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común, no prazo de **CINCO (5) días hábiles** a contar dende o día seguinte da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

As bases poden ser consultadas na web municipal (<https://concellodecastroverde.gal>)_no taboleiro de anuncios do Concello de Castroverde e na páxina web da Excelentísima Deputación de Lugo

Castroverde, O alcalde, Xosé María Arias Fernández.

R. 1859

CERVO

Anuncio

Por Resolución de Alcaldía de data 21 de xuño de 2024, aprobáronse os padróns correspondentes ás mensualidades de maio de 2024 das liquidacións da Taxa pola prestación do servizo de Axuda no Fogar e da Piscina Municipal así como o correspondente ás ensinanzas especiais en establecementos docentes das entidades locais, escolas deportivas municipais e os padróns correspondentes ao 2º bimestre de 2024 das taxas polos Servizos de Abastecemento de Auga, Recollida de Lixo e Saneamento.

Por medio do presente edicto expóñense ao público os padróns, por un prazo de 15 días naturais, a contar dende o seguinte á publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, a efectos de reclamacións. Contra os mesmos poderase interpoñer o recurso de reposición do artigo 14 do RD lexislativo 2/2004, de 5 de marzo no prazo de un mes dende a publicación deste anuncio, sendo o procedente no caso do canon da auga a reclamación económico-administrativa ante a Xunta Superior de Facenda (Consellería de Facenda) no prazo dun mes dende que se entenda producida a notificación mediante o Padrón.

O prazo de ingreso en período voluntario abarcará dende o 8 de xullo ao 13 de setembro de 2024. Unha vez transcorrido o mesmo sen ter efectuado o pago, este esixirase polo procedemento de constrinximento sobre o patrimonio do debedor. No caso do canon da auga, esta falta de pago no período voluntario sinalado suporá a esixencia do mesmo directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

Formas de pagamento: Mediante domiciliación bancaria ou en calquera oficina de Abanca, Banco Santander ou BBVA provistos do documento de ingreso que se lles remitirá ou poderán solicitar no Concello.

Cervo, 21 de xuño de 2024. A Alcaldesa; María Dolores García Caramés.

R. 1860

Anuncio

NOMEAMENTO DUN ADMINISTRATIVO/ A PERSOAL DE APOIO DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL E LINGÜÍSTICA, COMO PERSOAL LABORAL FIXO. TAXA ADICIONAL DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL.

De conformidade co establecido na base 12.3 das bases xerais que regulan os procesos selectivos correspondentes ás prazas de estabilización de emprego temporal do Concello de Cervo incluídas na oferta de emprego público 2021 (BOP de Lugo núm. de 31/05/2022), faise público que mediante Decreto de Alcaldía núm. 2024-0617 de data 19/06/2024, resolveuse proceder á contratación como persoal laboral fixo para prestar servizos na praza de ADMINISTRATIVO/ A PERSOAL DE APOIO DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL E LINGÜÍSTICA, do concello de Cervo, grupo profesional C1, xornada a tempo completo, á seguinte aspirante:

Ramona Baltar García, DNI ***9391**.

A formalización do preceptivo contrato laboral que deberá producirse, en toda caso, no prazo máximo dun (1) mes dende o día seguinte ao da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da provincia de Lugo.

Cervo, 20 de xuño de 2024.- A alcaldesa, María Dolores García Caramés.

R. 1861

Anuncio

NOMEAMENTO DUN MESTRE/A EDUCACIÓN INFANTIL CON XORNADA A TEMPO COMPLETO E TRES MESTRES/AS EDUCACIÓN INFANTIL CON XORNADA A TEMPO PARCIAL (80%), COMO PERSOAL LABORAL FIXO. TAXA ADICIONAL DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL.

De conformidade co establecido na base 12.3 das bases xerais que regulan os procesos selectivos correspondentes ás prazas de estabilización de emprego temporal do Concello de Cervo incluídas na oferta de emprego público 2021 (BOP de Lugo núm. de 31/05/2022), faise público que mediante Decreto de Alcaldía núm. 2024-0616 de data 19/06/2024, resolveuse proceder á contratación como persoal laboral fixo para prestar servizos:

-Na praza de MESTRE/A EDUCACIÓN INFANTIL CON XORNADA A TEMPO COMPLETO do concello de Cervo, grupo profesional A2, á seguinte aspirante:

-Áurea Basanta Díaz, DNI ***9918**.

-En tres prazas de MESTRE/A EDUCACIÓN INFANTIL CON XORNADA A TEMPO PARCIAL (80%), do concello de Cervo, grupo profesional A2, as seguintes aspirantes:

- Dona Dolores Álvarez Basanta, DNI ***9192**.

- Don Bruno Candal López, DNI ***9605**.

- Dona Gloria García Mesa, DNI ***8092**.

A formalización do preceptivo contrato laboral que deberá producirse, en toda caso, no prazo máximo dun (1) mes dende o día seguinte ao da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da provincia de Lugo.

Cervo, 20 de xuño de 2024.- A alcaldesa, María Dolores García Caramés.

R. 1862

Anuncio

NOMEAMENTO DUN AUXILIAR DE AXUDA NO FOGAR, COMO PERSOAL LABORAL FIXO. TAXA ADICIONAL DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL.

De conformidade co establecido na base 12.3 das bases xerais que regulan os procesos selectivos correspondentes ás prazas de estabilización de emprego temporal do Concello de Cervo incluídas na oferta de emprego público 2021 (BOP de Lugo núm. de 31/05/2022), faise público que mediante Decreto de Alcaldía núm. 2024-0630 de data 21/06/2024, resolveuse proceder á contratación como persoal laboral fixo para prestar servizos na praza de AUXILIAR DE AXUDA NO FOGAR, do concello de Cervo, grupo profesional C2, xornada a tempo completo, á seguinte aspirante:

Encarnación Pedrosa Terrón, DNI ***9500**.

A formalización do preceptivo contrato laboral que deberá producirse, en toda caso, no prazo máximo dun (1) mes dende o día seguinte ao da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da provincia de Lugo.

Cervo, 21 de xuño de 2024.- A alcaldesa, María Dolores García Caramés.

R. 1863

Anuncio

NOMEAMENTO DUN TRABALLADOR/A SOCIAL, COMO PERSOAL LABORAL FIXO. TAXA ADICIONAL DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL.

De conformidade co establecido na base 12.3 das bases xerais que regulan os procesos selectivos correspondentes ás prazas de estabilización de emprego temporal do Concello de Cervo incluídas na oferta de emprego público 2021 (BOP de Lugo núm. de 31/05/2022), faise público que mediante Decreto de Alcaldía núm. 2024-0618 de data 20/06/2024, resolveuse proceder á contratación como persoal laboral fixo para prestar servizos na praza de TRABALLADOR/A SOCIAL, do concello de Cervo, grupo profesional A2, xornada a tempo completo, á seguinte aspirante:

Eva María Sánchez Mariña, DNI ***9448**.

A formalización do preceptivo contrato laboral que deberá producirse, en toda caso, no prazo máximo dun (1) mes dende o día seguinte ao da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da provincia de Lugo.

Cervo, 21 de xuño de 2024.- A alcaldesa, María Dolores García Caramés.

R. 1864

Anuncio

NOMEAMENTO DUN AXENTE DE EMPREGO E DESENVOLVEMENTO LOCAL, COMO PERSOAL LABORAL FIXO. TAXA ADICIONAL DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL.

De conformidade co establecido na base 12.3 das bases xerais que regulan os procesos selectivos correspondentes ás prazas de estabilización de emprego temporal do Concello de Cervo incluídas na oferta de emprego público 2021 (BOP de Lugo núm. de 31/05/2022), faise público que mediante Decreto de Alcaldía núm. 2024-0614 de data 19/06/2024, resolveuse proceder á contratación como persoal laboral fixo para prestar servizos na praza de AXENTE DE EMPREGO E DESENVOLVEMENTO LOCAL, do concello de Cervo, grupo profesional A2, xornada a tempo completo, á seguinte aspirante:

María Belén Villares Vázquez, DNI ***9292**.

A formalización do preceptivo contrato laboral que deberá producirse, en toda caso, no prazo máximo dun (1) mes dende o día seguinte ao da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da provincia de Lugo.

Cervo, 20 de xuño de 2024.- A alcaldesa, María Dolores García Caramés.

R. 1865

Anuncio

NOMEAMENTO DÚAS PRAZAS DE TÉCNICO/A SUPERIOR INFANTIL, XORNADA TEMPO PARCIAL (60%), COMO PERSOAL LABORAL FIXO. TAXA ADICIONAL DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL.

De conformidade co establecido na base 12.3 das bases xerais que regulan os procesos selectivos correspondentes ás prazas de estabilización de emprego temporal do Concello de Cervo incluídas na oferta de emprego público 2021 (BOP de Lugo núm. de 31/05/2022), faise público que mediante Decreto de Alcaldía núm. 2024-0621 de data 20/06/2024, resolveuse proceder á contratación como persoal laboral fixo para prestar servizos en dúas prazas de TÉCNICO/A SUPERIOR INFANTIL, XORNADA TEMPO PARCIAL (60%), do concello de Cervo, grupo profesional C1, ás seguintes aspirantes:

- Amagoia Marcos de la Merced, DNI ***4831**.
- Elisabet Rodríguez Alonso, DNI ****3675**

A formalización do preceptivo contrato laboral que deberá producirse, en toda caso, no prazo máximo dun (1) mes dende o día seguinte ao da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da provincia de Lugo.

Cervo, 20 de xuño de 2024.- A alcaldesa, María Dolores García Caramés.

R. 1866

Anuncio

NOMEAMENTO DUN ADMINISTRATIVO/ A PERSOAL APOIO ARQUIVO MUNICIPAL, COMO PERSOAL LABORAL FIXO. TAXA ADICIONAL DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL.

De conformidade co establecido na base 12.3 das bases xerais que regulan os procesos selectivos correspondentes ás prazas de estabilización de emprego temporal do Concello de Cervo incluídas na oferta de emprego público 2021 (BOP de Lugo núm. de 31/05/2022), faise público que mediante Decreto de Alcaldía núm. 2024-0613 de data 19/06/2024, resolveuse proceder á contratación como persoal laboral fixo para prestar servizos na praza de ADMINISTRATIVO/ A PERSOAL APOIO ARQUIVO MUNICIPAL, do concello de Cervo, grupo profesional C1, xornada a tempo completo, á seguinte aspirante:

María Lúz Álvarez Pérez, con NIF ***9264**.

A formalización do preceptivo contrato laboral que deberá producirse, en toda caso, no prazo máximo dun (1) mes dende o día seguinte ao da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da provincia de Lugo.

Cervo 20 de xuño de 2024.- A alcaldesa, María Dolores García Caramés.

R. 1867

Anuncio

NOMEAMENTO DUN MESTRE/A EDUCACIÓN INFANTIL CON XORNADA A TEMPO PARCIAL (60%), COMO PERSOAL LABORAL FIXO. TAXA ADICIONAL DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL.

De conformidade co establecido na base 12.3 das bases xerais que regulan os procesos selectivos correspondentes ás prazas de estabilización de emprego temporal do Concello de Cervo incluídas na oferta de emprego público 2021 (BOP de Lugo núm. de 31/05/2022), faise público que mediante Decreto de Alcaldía núm. 2024-0620 de data 20/06/2024, resolveuse proceder á contratación como persoal laboral fixo para prestar servizos na praza de MESTRE/A EDUCACIÓN INFANTIL CON XORNADA A TEMPO PARCIAL (60%), do concello de Cervo, grupo profesional A2, á seguinte aspirante:

Laura García Fernández, DNI ***9004**

A formalización do preceptivo contrato laboral que deberá producirse, en toda caso, no prazo máximo dun (1) mes dende o día seguinte ao da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da provincia de Lugo.

Cervo, 21 de xuño de 2024.- A alcaldesa, María Dolores García Caramés.

R.1868

LUGO

Anuncio

Exposición ao público

A través do Decreto número 3149/2024 de 8 de abril de 2024, aprobouse o padrón relativo ás taxas pola prestación do servizo de xantar no fogar correspondientes ao mes de **MARZO de 2024**, que se expoñen ao público no Servizo de Benestar Social, sito na Ronda da Muralla 197, durante o prazo de quince días hábiles contados dende o seguinte, tamén hábil, da publicación deste Edicto no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 223.1 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que ditou o acto no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao da finalización do período voluntario de pagamento, sen prexuízo do disposto no artigo 63 da Ordenanza fiscal xeral. Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

Este anuncio ten o carácter de notificación colectiva ao abeiro do artigo 102.3 da Lei 58/2003, xeral tributaria e o seu pagamento realizarao por domiciliación bancaria autorizada a persoa solicitante do servizo, por escrito, no momento da concesión.

O período voluntario de pagamento fíxase nun mes dende a aprobación da correspondente taxa: **dende o día 15 de abril ata o día 15 de maio de 2024** (ou inmediato hábil posterior se aquel fose festivo).

Advírtese que, transcorrido o prazo voluntario de ingreso sen efectuar o pagamento das débedas, estas xerarán o 5% da recarga executiva ata o inicio do procedemento de constrinximento, coa recarga, xuros e custas que se puidesen producir a partir dese momento.

Lugo, 9 de abril de 2024.- A Concelleira Delegada de Benestar Social e Maiores, Olga López Racamonde.

R. 1847

Anuncio

Exposición ao público

A través do Decreto número 3198/2024 do 9 de abril de 2024, aprobouse o padrón relativo ás taxas pola prestación do servizo de centro de día correspondente ao **primeiro trimestre de 2024**, que se expoñen ao público no Servizo de Benestar Social, sito na Ronda da Muralla 197 Lugo, durante o prazo de quince días hábiles contados dende o seguinte, tamén hábil, da publicación deste Edicto no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 223.1 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que ditou o acto no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao da finalización do período voluntario de pagamento, sen prexuízo do disposto no artigo 63 da Ordenanza fiscal xeral. Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

Este anuncio ten o carácter de notificación colectiva ao abeiro do artigo 102.3 da Lei 58/2003, xeral tributaria e o seu pagamento realizarao por domiciliación bancaria autorizada a persoa solicitante do servizo, por escrito, no momento da concesión.

O período voluntario de pagamento fíxase nun mes dende a aprobación da correspondente taxa: **dende o día 15 de abril ao 15 de maio de 2024** (ou inmediato hábil posterior se aquel fose festivo).

Advírtese que, transcorrido o prazo voluntario de ingreso sen efectuar o pagamento das débedas, estas xerarán o 5% da recarga executiva ata o inicio do procedemento de constrinximento, coa recarga, xuros e custas que se puidesen producir a partir dese momento.

Lugo, 10 de abril de 2024.- A Concelleira Delegada de Benestar Social e Maiores, Olga López Racamonde.

R. 1848

Anuncio

Exposición ao público

A través do Decreto número **3797/2024** aprobouse o padrón relativo ás taxas pola prestación do servizo de axuda no fogar correspondentes ao **primeiro trimestre de 2024**, que se expoñen ao público no Servizo de Servizos Sociais, sito na Ronda da Muralla, 197, durante o prazo de quince días hábiles, contados dende o seguinte, tamén hábil, da publicación deste Edicto no Boletín Oficial da Provincia.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 223.1 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que ditou o acto no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao da finalización do período voluntario de pagamento, sen prexuízo do disposto no artigo 63 da Ordenanza fiscal xeral. Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

Este anuncio ten o carácter de notificación colectiva ao abeiro do artigo 102.3 da Lei 58/2003, xeral tributaria e o seu pagamento realizarao por domiciliación bancaria autorizada a persoa solicitante do servizo, por escrito, no momento da concesión.

O período voluntario de pagamento fíxase nun mes dende a aprobación da correspondente taxa: **dende o día 30 de abril ata o día 30 de maio de 2024** (ou inmediato hábil posterior se aquel fose festivo).

Advírtese que, transcorrido o prazo voluntario de ingreso sen efectuar o pagamento das débedas, estas xerarán o 5% da recarga executiva ata o inicio do procedemento de constrinximento, coa recarga, xuros e custas que se puidesen producir a partir dese momento.

Lugo, 25 de abril de 2024.- A concelleira delegada de Benestar Social e Maiores, Olga López Racamonde.

R. 1849

MONFORTE DE LEMOS

Anuncio

No Boletín Oficial da Provincia nº 061 do 16 de marzo de 2021, foron publicadas as “BASES E CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS PARA A REHABILITACIÓN DE EDIFICIOS E VIVENDAS NA ÁREA DE REHABILITACIÓN INTEGRAL NO MARCO DO ACORDO DA COMISIÓN BILATERAL CELEBRADA O 29 DE OUTUBRO DE 2020, RELATIVO Á ÁREA DE REXENERACIÓN E RENOVACIÓN URBANA DO CONXUNTO HISTÓRICO E ZONAS DE RESPECTO DE MONFORTE DE LEMOS (LUGO) 12ª FASE, NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA. PLAN ESTATAL DE VIVENDA 2018 - 2021” (Aprobadas por Resolución da Alcaldía o 9 de marzo de 2021).

Tralas subvencións solicitadas en dito marco, quedou un remanente de crédito para esta finalidade, abríndose unha segunda convocatoria de solicitude de axudas que foi publicada no BOP de Lugo Nº 186 do 14 de agosto de 2023.

Rematado o prazo establecido na segunda convocatoria de ditas subvencións, segue quedando un remanente de crédito para esta finalidade. É por iso que en base ás mesmas condicións e requisitos, que figuran no BOP de Lugo do 16 de marzo de 2021, ábrese un novo prazo de solicitudes de quince días naturais contados dende o día seguinte ó da publicación deste anuncio no BOP.

Monforte de Lemos, 20 de xuño de 2024.- O Alcalde, José Tomé Roca.

R. 1850

Anuncio

No Boletín Oficial da Provincia nº 070 do 26 de marzo de 2022, foron publicadas as “BASES E CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS PARA A REHABILITACIÓN DE EDIFICIOS E VIVENDAS NA ÁREA DE REHABILITACIÓN INTEGRAL NO MARCO DO ACORDO DA COMISIÓN BILATERAL CELEBRADA O 1 DE DECEMBRO DE 2021, RELATIVO Á ÁREA DE REXENERACIÓN E RENOVACIÓN URBANA DO CONXUNTO HISTÓRICO E ZONAS DE RESPECTO DE MONFORTE DE LEMOS (LUGO) 13ª FASE, NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA. PLAN ESTATAL DE VIVENDA 2018 - 2021”

Tralas subvencións concedidas en dito marco, queda un remanente de crédito para esta finalidade. É por iso que en base ás mesmas condicións e requisitos que figuran nas citadas bases, publicadas no BOP de Lugo do 26/03/2022, ábrese un novo prazo de solicitudes dende o día seguinte ó da publicación deste anuncio no BOP ata o día 16 de setembro do ano 2024, ambos incluídos.

Monforte de Lemos, 20 de xuño de 2024.- O Alcalde, José Tomé Roca.

R. 1851

MONTERROSO

Anuncio

Por Resolución de Alcaldía de 20 de xuño de 2024, aprobáronse os Padróns Tributarios das taxas pola prestación do servizo de augas, sumidoiro e depuración, lixos e Canon de auga da Xunta, correspondentes ao 2º trimestre do exercicio 2024, así como a apertura dun período de información pública por prazo de un mes a partir da publicación do presente edicto no B.O.P. durante o cal todos os interesados poderán consultar o seu contido na Secretaría do Concello e presentar as alegacións que estimen oportunas. Queda aberto o prazo de cobro en período voluntario desde o día 1 de xullo ao 22 de agosto de 2024.

Contra o acto de aprobación do padrón e das liquidacións de tributos municipais incorporadas a éste, poderase formular recurso de reposición ante este órgano, no prazo de un mes contado dende o día seguinte ao de finalización do período de exposición ao público do padrón de contribuíntes ou ben recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, sen que poidan interpoñerse ambos simultaneamente. Transcorrido o período de pago en voluntaria as débedas co municipio serán esixidas polo procedemento de constrinximento co correspondente recargo de mora e costas que se produzan, no seu caso.

A falta de pagamento do Canon da Auga da Xunta no período voluntario sinalado suporá a esixencia do mesmo directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia. A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende esta notificación.

O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva ao abeiro do establecido nos artigos 102 da Lei Xeral Tributaria e 23 e 24 do RD 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación.

Monterroso, 20 de xuño de 2024.- O alcalde, Eloy Pérez Sindín.

R. 1852

PANTÓN

Anuncio

CONCURSO PARA A ADXUDICACIÓN DE CATRO VIVENDAS SOCIAIS MUNICIPAIS EN RÉXIME DE ALUGUEIRO.

A Xunta de Goberno Local do Concello de Pantón, por Acordo do 16 de xuño de 2024, acordou aprobar as bases que rexerán o concurso para a adxudicación de catro vivendas sociais municipais, en réxime de alugueiro, e convocar o concurso de referencia, abríndose o prazo de presentación de solicitudes, que será de QUINCE (15) DÍAS HÁBILES a contar deste o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

O texto íntegro das bases que han de rexer o concurso de referencia é o seguinte:

“BASES QUE REXERÁN O CONCURSO PARA A ADXUDICACIÓN DE CATRO VIVENDAS SOCIAIS MUNICIPAIS, EN RÉXIME DE ALUGUEIRO.

1.- OBXECTO DAS BASES. CARACTERÍSTICAS DAS VIVENDAS A ALUGAR.

É obxecto destas bases a regulación do procedemento de selección para adxudicar, en réxime de alugueiro, catro vivendas sociais de titularidade municipal, sitas no lugar de Curro, parroquia de Ferreira de Pantón.

As características de cada vivenda obxecto de adxudicación describiranse no correspondente contrato de alugueiro. A formalización do contrato de alugueiro efectuarase en función á efectiva dispoñibilidade da vivenda.

Características das vivendas:

Vivienda Bajo A:

- Vivienda situada en la planta baja, derecha entrando, con acceso desde el portal, compuesta por salón - comedor - cocina, dos dormitorios, cuarto de baño y distribuidor.
- Superficie construída: 84,25 m²
- Superficie útil: 68,65 m²
- Anejos:
 - Parcela situada al Este de la edificación, de 70,60 m², con acceso desde la plaza del Curro y desde la propia vivienda.
 - Trastero situado en la planta baja, al norte de la parcela anterior, con acceso desde ella, de 29,15 m² útiles y 43,15 m² construídos.

Vivienda Bajo B:

- Vivienda situada en la planta baja, izquierda entrando, con acceso desde el portal, compuesta por salón - comedor - cocina, dos dormitorios, cuarto de baño y distribuidor.
- Superficie construída: 86,30 m²
- Superficie útil: 70,70 m²
- Anejos:
 - Parcela situada al Oeste de la edificación, de 121,90 m², con acceso desde la plaza del Curro y desde la propia vivienda.

- Trastero situado en la planta baja, al noreste de la edificación, con acceso desde las zonas comunes, de 7,60 m² útiles y 9,35 m² construídos.

Vivienda 1º A:

- Vivienda situada en la planta alta, izquierda subiendo, con acceso desde la caja de escaleras, compuesta por salón – comedor – cocina, dos dormitorios y cuarto de baño.
- Superficie construída: 69,10 m²
- Superficie útil: 57,30 m²
- Anejos:
 - Parcela situada al Norte de la edificación, de 18,20 m², con acceso desde el trastero anejo.
 - Trastero situado en la planta baja, al Norte de la edificación, con acceso desde las zonas comunes, de 7,00 m² útiles y 8,30 m² construídos.

Vivienda 1º B:

- Vivienda situada en la planta alta, derecha subiendo, con acceso desde la caja de escaleras, compuesta por salón – comedor – cocina, dos dormitorios y cuarto de baño.
- Superficie construída: 69,10 m²
- Superficie útil: 57,85 m²
- Anejos:
 - Parcela situada al Noroeste de la edificación, de 15,35 m², con acceso desde las zonas comunes.
 - Trastero situado en la planta baja, al Norte de la edificación, con acceso desde las zonas comunes, de 7,00 m² útiles y 9,00 m² construídos.

2.- CONDICIÓN PARA A ADMISIÓN DE SOLICITUDES.

Poderán acceder a estas vivendas as persoas, nacionais ou estranxeiras, maiores de idade e con plena capacidade de obrar que, como titulares dunha unidade familiar ou convivencial, reúnan os seguintes requisitos á data do remate do prazo de presentación das solicitudes:

1ª Estar inscrito como demandante de vivenda no rexistro de demandantes de vivenda protexida de Galicia, (Consellería de Infraestruturas e Vivenda) da provincia de Lugo, do Concello de PANTON, en opción de alugueiro

2 .- Non ter sido beneficiario ou beneficiaria nos últimos quince anos de vivendas de promoción pública, tanto en réxime de propiedade como en calquera outro réxime de cesión de uso.

3ª.- Estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias co Concello da PANTON e non ter ningunha débeda pendente por calquera concepto co Concello da PANTON

4ª.- Estar empadroados no Concello de PANTON, cunha antigüidade mínima de tres meses.

5ª.- Carecer, ou ter perdido o uso, de vivenda en calidade de propietario/a, arrendatario/a, usufrutuário/a ou calquera outro título en dereito que permita o seu uso e gozo, agás que se dean algunha das seguintes circunstancias:

- a) Excepcionalmente, poderán acceder a unha vivenda protexida as persoas que sexan propietarias doutra vivenda cando estea suxeita a expediente de expropiación forzosa, as persoas separadas ou divorciadas que se atopen ao corrente no pagamento das pensións alimenticias e compensatorias e que fosen privadas do uso da vivenda por sentenza ou convenio regulador e as que ocupen aloxamentos provisionais como consecuencia de actuacións de emerxencia ou remodelacións urbanas que impliquen a perda da súa vivenda ou calquera outra situación excepcional declarada polo organismo competente en materia de vivenda (artigo 64.1 da Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia).
- b) Acreditar que a vivenda da que se dispón sexa inhabitable, insuficiente ou inadecuada nos termos especificados na Resolución do 14 de setembro de 2012 do Instituto Galego da Vivenda e Solo.

3.- SOLICITUDES E ADXUDICACIÓN.

O prazo de presentación das solicitudes será de QUINCE (15) DÍAS HÁBILES a partir do día seguinte ao da publicación das presentes bases no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de anuncios do Concello, así como na súa sede electrónica. Coas solicitudes, que se formalizarán no modelo facilitado ao efecto polo concello (Anexo I), terán que achegarse declaración ou declaracións onde se especificarán os datos persoais e da unidade convivencial e os relativos ao cumprimento das condicións xerais de admisión contempladas nas bases (tamén consonte aos modelos facilitados polo concello como Anexos II e III), así como a seguinte documentación:

1.- Datos sobre a identidade do solicitante e membros da unidade familiar ou de convivencia.

- a) Fotocopia do D.N.I., N.I.E ou tarxeta de identificación de cada un dos membros da unidade de convivencia.
- b) Fotocopia do Libro de familia (se é o caso).

2.- Circunstancias persoais e familiares:

- a) Certificado de empadramento de todos os membros da unidade familiar ou de convivencia.
- b) Calquera documentación acreditativa de atoparse afectado por situación estipulada en calquera apartado do punto 2 das presentes bases.

3.- Situación económica.

Acreditación da situación económica de cada un dos membros da unidade familiar ou de convivencia mediante a seguinte documentación:

- a) Declaración da Renda de todos os membros da unidade familiar obrigados a presentala; ou certificado negativo da Axencia Tributaria consonte non está obrigado á súa presentación.
- b) Nóminas ou certificados de empresa que acrediten os ingresos obtidos por rendementos de traballo (no seu caso), nos últimos 6 meses anteriores á presentación da solicitude.
- c) Certificado de pensións ou prestacións (no caso da súa percepción), nos últimos 6 meses anteriores á presentación da solicitude.
- d) Calquera outra documentación acreditativa da percepción duns ingresos económicos nos últimos 6 meses anteriores á presentación da solicitude.
- e) Declaración xurada de estar ao día das obrigas tributarias co Concello e non ter ningunha débeda pendente por calquera concepto co Concello da PANTON (no seu momento verificarase de oficio a veracidade desta declaración) (Anexo II).
- f) Autorización para solicitar por vía telemática as certificacións do catastro de se os membros da unidade familiar ou convivencial son ou non titulares de bens inmoables en todo o territorio nacional (Anexo III). Os membros da unidade familiar maiores de 18 anos ou solicitantes que non asinen esta autorización deberán entregar directamente os certificados correspondentes.

3.1. Formación do listado de persoas demandantes de vivendas sociais en réxime de alugamento.

Rematado o prazo da presentación de solicitudes, por parte do Departamento de Servizos Sociais procederase á valoración dos criterios de adxudicación das vivendas co obxecto de determinar o listado de persoas beneficiarias.

Deberase acreditar a percepción duns ingresos económicos mínimos ou de axudas, públicas ou privadas, que lles permitan facer fronte ás obrigas económicas que deriven do contrato de arrendamento. Nestes supostos, deberá revisarse a situación particular polos servizos sociais do Concello da PANTON, que verificarán a suficiencia de recursos para o pago da renda, elevando a proposta correspondente ao órgano municipal competente.

Examinadas as solicitudes presentadas, feitas as emendas precisas, e as comprobacións de oficio, procederase á aprobación da correspondente lista provisional de persoas admitidas e excluídas e en que vivendas terían dereito a optar en función dos membros da unidade de convivencia.

Realizado informe polo Departamento de Servizos Sociais, a lista provisional aprobarase pola Xunta de Goberno Local. Esta lista quedará exposta no taboleiro de anuncios do Concello así como na súa sede electrónica durante dez días hábiles, para que as persoas interesadas, se así o tiveran por conveniente, interpoñan as reclamacións que consideren oportunas.

Transcorrido o período de reclamacións, e seren resoltas, a Xunta de Goberno Local aprobará a lista definitiva de persoas admitidas e excluídas, contra o dito acordo poderase interpoñer polos interesados o recurso de reposición no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa notificación ou directamente diante da xurisdición contencioso - administrativa na forma e prazos previstos na Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso -Administrativa.

3.2. Procedemento de adxudicación.

O procedemento para levar a cabo a adxudicación das vivendas será o que a continuación se indica, garantindo en todo momento a publicidade e concorrencia:

- a) Adxudicación das vivendas ás que opte un/unha único/a solicitante:

Seralle adxudicada a vivenda directamente sempre e cando reúna os requisitos de admisión.

- b) Adxudicación das vivendas ás que opten dous ou máis solicitantes:

Terán preferencia na adxudicación as unidades familiares ou de convivencia con ingresos inferiores a 2,5 veces o indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM).

En caso de igualdade de condicións, en acto público no que dará fe o Secretario do Concello, e en presenza do Sr. Alcalde e empregado público do concello que teña actuado no procedemento, procederase ao sorteo entre as persoas que opten a arrendar vivenda de carácter social.

c) No caso de que as vivendas con maior número de habitacións non teñan solicitantes de unidades de convivencias das que poden optar a elas segudo a base 3, poderán optar a elas unidades de convivencias inferiores que así o manifesten e seguirase o procedemento previsto nos números anteriores.

Determinados polo procedemento precedente os/as adxudicatarios/as das vivendas obxecto de alugueiro, a Xunta de Goberno Local procederá a resolver sobre a adxudicación das mesmas para a posterior formalización da adxudicación mediante o correspondente contrato de arrendamento.

As persoas seleccionadas, no prazo de dez días naturais contados desde a notificación da adxudicación ao seu favor, deberán aceptar formalmente a adxudicación e comprometerse a formalizar o contrato no prazo que se sinale. No caso de renuncia, a Xunta de Goberno Local procederá a resolver sobre a aceptación da mesmo e a adxudicación, no seu caso, ao seguinte beneficiario da lista.

Os/as beneficiarios/as deberán subscribir anualmente un seguro multirrisco do fogar que cubra como mínimo o risco de incendio, así como tamén os posibles estragos que puideran ocasionarse, o cal deberán acreditar cada ano no Concello. O Concello de PANTON poderá subrogarse nesta obriga, prorrateando o importe do seguro de referencia en 12 mensualidades que serán aboadas xunto coa renda mensual da vivenda.

Unha vez formalizado o contrato de alugamento, e unha vez depositada a fianza nas arcas municipais do concello, procederase á entrega das chaves, debendo ocuparse a vivenda adxudicada no prazo máximo dun mes a contar desde a entrega das mesmas. No caso de incumprimento desta última condición procederase á resolución do contrato.

Cada vez que se produza unha vacante na vivenda alugada o Concello poderá adxudicala entre os solicitantes en lista de espera. Antes da súa nova adxudicación, o Concello poderá supervisar os datos das unidades de convivencia en lista de espera, para comprobar a vixencia dos requisitos determinantes para seren beneficiarios de vivendas sociais.

Quen acceda ás vivendas en alugueiro a través da lista de espera, subscribirán un novo contrato de arrendamento sen prexuízo do cómputo do contrato anterior, a efectos de que a vivenda se considere alugada, e polo período restante para a finalización do contrato.

4.- DURACIÓN DOS CONTRATOS.

Agás disposición en contrario nos correspondentes contratos de arrendamento, o contrato de alugamento que se outorgue realizarase por un período de sete anos, contados desde a formalización do arrendamento en documento administrativo, e, no seu caso, poderán prorrogarse, ata o máximo permitido en todo caso pola normativa legal.

Para a validez da prórroga as persoas arrendatarias deberán cumprir todos os requisitos esixidos como beneficiarias de vivendas sociais. Unha vez expirado o prazo do contrato, as persoas arrendatarias poñerán a vivenda a disposición do concello, sen necesidade de requirimento algún. Con antelación suficiente ao vencemento do contrato, o Concello da PANTON iniciará un novo procedemento para volver a adxudicar a vivenda social en réxime de alugueiro.

5.- RENDA MENSUAL INICIAL, REVISIÓN, FORMA DE PAGO E FIANZA.

Agás disposición en contrario ou actualización económica nos correspondentes contratos de alugamento, como prezo do arrendamento, fíxase como renda mensual as cantidades seguintes:

Precio vivendas

Vivienda Bajo A:	200EUROS
Vivienda Bajo B:	200 EUROS
Vivienda 1º A:	200EUROS
Vivienda 1º B:	200EUROS

A renda mensual será pagadoira por meses anticipados, dentro dos dez primeiros días de cada mes.

O prezo do alugamento inclúe os gastos xerais do inmovible, servizos, tributos, cargas e demais responsabilidades non susceptibles de individualización, pero non así os gastos por servizos cos que conta a vivenda arrendada e que se individualizan mediante aparatos contadores, que serán de conta do arrendatario, así como a taxa pola recollida do lixo. A falta de pagamento da renda será causa de desafiuzamento.

A renda mensual revisarase de acordo co IPC interanual experimentado no ano inmediato anterior, segundo a publicación do INE.

Os adxudicatarios deberán presentar fianza suficiente polo importe dunha mensuralidade da renda estipulada á sinatura do contrato de alugamento. O obxecto da fianza será a de cubrir a falta de pagamento dalgunha mensuralidade, dos posibles danos á vivenda ou ao seu equipamento que se entrega conxuntamente con ela.

6.- CONDICIÓNS DO ALUGUEIRO E USO DAS VIVENDAS ARRENDADAS.

As vivendas obxecto das presentes bases estarán suxeitas ás prohibicións e limitacións derivadas da normativa particular do réxime de protección oficial ou promoción pública.

- A persoa arrendataria estará obrigada a ocupar a vivenda e a destinala á súa residencia habitual e permanente, non podendo estar desocupada a mesma de xeito habitual ou adicada a segunda residencia ou a outros usos non autorizados. Se a fose a desocupar por un período superior a 2 meses, o arrendatario deberá previamente comunicar por escrito a devandita circunstancia ao Concello e explicar as razóns da desocupación. O incumprimento da obriga de ocupar a vivenda será causa de resolución do contrato de arrendamento.
- O Concello terá dereito a acceder á vivenda para revisar periodicamente as súas condicións de conservación e habitabilidade, avisando con antelación aos arrendatarios do día e hora na que pretenda facer a inspección.
- As reparacións nas vivendas que sexan precisas para conservarlas en condicións de habitabilidade correrán a cargo do Concello da Pantón, agás os deterioros imputables ao arrendatario conforme ao disposto nos arts. 1.563 e 1.564 do Código Civil.
- Os/as adxudicatarios/as non poderán facer cesión do contrato de alugamento a favor doutra persoa, de facerse será causa de resolución do contrato.
- O mantemento e coidado de cada vivenda levarase a cabo por cada usuario, responsabilizándose de calquera dano ou uso indebido da mesma ou dos mobles e do chan. Calquera dano ou rotura será reparado ou repostado por cada usuario. De non facelo será reparado polo concello á súa conta.
- O contrato de arrendamento da vivenda poderá ser resolto de forma unilateral pola Xunta de Goberno Local da Corporación, previo informe dos Servizos Sociais, por un mal uso da vivenda, deterioro intencionado da mesma, do mobiliario, falta de hixiene e limpeza tanto das zonas comúns da vivenda ou molestias ós veciños.

7.- INCUMPRIMENTO DAS CONDICIÓNS.

O incumprimento das condicións a que se refiren as presentes bases, a falsidade dos datos relativos ás circunstancias susceptibles de baremación, e, en xeral, o incumprimento da normativa de vivendas sociais, dará lugar á rescisión do contrato e a unha nova adxudicación da vivenda entre os solicitantes que figuren na lista de espera.

8.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

De conformidade co previsto na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, infórmase que os datos incorporados á presente convocatoria son necesarios e teñen como finalidade tramitar a súa solicitude. Poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición destes datos nos termos previstos na citada Lei Orgánica, dirixíndose por escrito ao Concello da P7ANTON, Praza do Concello sn, 27430 PANTON (LUGO).

9.- NORMATIVA SUPLETORIA.

En todo o non previsto expresamente nas bases de condicións será de aplicación o previsto na Lei de Arrendamentos Urbanos e o Código Civil.

Pantón, 19 de xuño de 2024.- O Alcalde, José Luis Álvarez Blanco.

ANEXO I- MODELO DE SOLICITUDE

DATOS DO/A SOLICITANTE:

Apelidos e Nome:

Domicilio a efectos de notificación:

Localidade:

C.P:

Teléf.:

DNI :

Dirección correo electrónico:

EXPOÑO

PRIMEIRO: Que vista a convocatoria anunciada no taboleiro de anuncios do Concello da Pantón sede electrónica e BOP, en relación a convocatoria para participar no proceso de admisión e selección de persoas demandantes de catro vivendas sociais en réxime de alugamento, de acordo cas bases aprobadas polo Concello.

SEGUNDO: Que reúno todas as condicións esixidas nas bases para a ADXUDICACIÓN DE CATRO VIVENDAS SOCIAIS MUNICIPAIS, EN RÉXIME DE ALUGAMENTO.

TERCEIRO: Que declaro coñecer as bases xerais da convocatoria relativas das catro vivendas sociais en réxime de alugamento.

CUARTO: Que a unidade familiar ou de convivencia está composta polas seguintes persoas:

NOME E APELIDOS	NIF	PARENTESCO OU VÍNCULO

QUINTO: Que xunto coa instancia presento toda a documentación requirida na bases, das aprobadas:

(Sinalar cun x a documentación que se xunta á solicitude)

1.- Datos sobre a identidade do solicitante e membros da unidade familiar ou de convivencia:

- Fotocopia do D.N.I., N.I.E ou tarxeta de identificación de cada un dos membros da unidade de convivencia.
- Fotocopia do Libro de familia (se é o caso).

2.- Circunstancias persoais e familiares:

- Certificado de empadramento de todos os membros da unidade familiar ou de convivencia.
- Calquera documentación acreditativa de atoparse afectada por situación estipulada en calquera apartado do punto 2 das presentes bases.

3.- Situación económica.

Acreditación da situación económica mediante a seguinte documentación:

- Declaración da Renda de todos os membros da unidade familiar obrigados a presentala; ou certificado negativo da Axencia Tributaria consonte non está obrigado á súa presentación.
- Nóminas ou certificados de empresa que acrediten os ingresos obtidos por rendementos de traballo dos últimos 6 meses anteriores á presentación da solicitude.
- Certificado de pensións ou prestacións (no caso da súa percepción) dos últimos 6 meses anteriores á presentación da solicitude.
- Calquera outra documentación acreditativa da percepción duns ingresos económicos dos últimos 6 meses anteriores á presentación da solicitude.
- Declaración xurada de estar ao día das obrigas tributarias co Concello e non ter ningunha débeda pendente por calquera concepto co Concello de PANTON (no seu momento verificarase de oficio a veracidade desta declaración) (Anexo II).
- Autorización para solicitar por vía telemática as certificacións do catastro de se os membros da unidade familiar ou convivencial son ou non titulares de bens inmobles en todo o territorio nacional (Anexo III) ou certificados correspondentes que acrediten esta situación.

4 Presentar acreditación de estar inscrita como demandante de vivenda no rexistro de demandantes de vivenda protexida de Galicia, (Consellería de Infraestruturas e Vivenda) da provincia de Lugo, do Concello de PANTON, en opción de alugueiro

SOLICITO

Que se admita esta solicitude para participar no proceso de selección de persoas demandantes de vivendas sociais en réxime de alugamento.

PANTON, de de 2024.

O/A solicitante (sinatura)

Asinado: (Nome e apelidos)

ANEXO II. DECLARACIÓN XURADA

As persoas que asinan o presente documento declaran estar ao día das obrigas tributarias co Concello de PANTON e non ter ningunha débeda pendente por calquera concepto co Concello de PANTON (no seu momento verificarase de oficio a veracidade desta declaración).

NOME E APELIDOS	NIF	PARENTESCO OU VÍNCULO COA PERSOA SOLICITANTE *	DATA	SINATURA DA PERSOA OU DO SEU PAI/NAI/TITOR LEGAL NO CASO DE SER MENOR DE IDADE, OU TITOR LEGAL NO CASO DE INCAPACIDADE
		SOLICITANTE		

* A primeira fila está reservada á persoa solicitante, as seguintes filas completaranse cos datos das restantes persoas da unidade familiar ou de convivencia.

CONCELLO DE PANTON

ANEXO III. AUTORIZACIÓN PARA SOLICITAR POR VÍA TELEMÁTICA AS CERTIFICACIÓNS DO CATASTRO DE SE OS MEMBROS DA UNIDADE FAMILIAR OU CONVIVENCIAL SON OU NON TITULARES DE BENS INMOBLES EN TODO O TERRITORIO NACIONAL.

Os asinantes autorizamos ao Concello DE PANTON para a obtención telemática das certificacións do Catastro de se os membros da unidade familiar ou convivencial son ou non titulares de bens inmobles en todo o territorio nacional.

NOME E APELIDOS	NIF	PARENTESCO OU VÍNCULO COA PERSOA SOLICITANTE *	DATA	SINATURA DA PERSOA OU DO SEU PAI/NAI/TITOR LEGAL NO CASO DE SER MENOR DE IDADE, OU TITOR LEGAL NO CASO DE INCAPACIDADE
		SOLICITANTE		

* A primeira fila está reservada á persoa solicitante, as seguintes filas completaranse cos datos das restantes persoas da unidade familiar ou de convivencia.

Esta autorización poderá ser revogada en calquera momento mediante escrito dirixido ao Concello da PANTON.

Os membros da unidade familiar maiores de 18 anos ou solicitantes que non asinen esta autorización deberán entregar directamente os certificados correspondentes.

CONCELLO DE PANTON”

Así mesmo, os sucesivos anuncios desta convocatoria, cando procedan de conformidade coas bases, publicaranse no taboleiro de anuncios da Casa do Concello de Pantón e no taboleiro de anuncios da sede electrónica do concello de Pantón (<https://panton.sedelectronica.gal/info.0>).

Contra a convocatoria e as bases reguladoras, que poñen fin á vía administrativa, pódese interpoñer alternativamente ou recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes para contar desde o día seguinte á publicación do presente anuncio, ante o Alcalde deste Concello, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións públicas, ou recurso contencioso-administrativo, perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo con sede en Lugo, no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á publicación do presente anuncio, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Se se optase por interpoñer o recurso de reposición potestativo, non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produciu a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que se poida exercitar calquera outro recurso que se estime pertinente.

Pantón, 19 de xuño de 2024.- O Alcalde, José Luis Álvarez Blanco.

R. 1853

PEDRAFITA DO CEBREIRO

Anuncio

Aprobación definitiva de modificación de crédito 5/2024 mediante suplementos de créditos 1/SC/2024

Finalizado o período de exposición ó público para poder examinar e presentar as oportunas reclamacións expediente de modificación de crédito número 5/2024, dentro do orzamento municipal do exercicio 2024, e tendo en conta que durante o período que vai dende o 23 de maio ó 14 de xuño de 2024, según edicto insertado no Boletín da Provincia de Lugo número 117 de data 22 de maio de 2024, no taboleiro de anuncios e na sede electrónica do Concello, non se presentaron alegacións contra o mesmo. O mencionado expediente queda elevado a definitivo tal e como establece o artigo 169 do RDL 2/2004 polo que se aproba o Texto Refundido da Ley Reguladora das Facendas Locales e se fai público a modificación presupuestaria acordada.

CRÉDITO EXTRAORDINARIO

DENOMINACIÓN	PARTIDA	CONSIGNACIÓN ANTERIOR	IMPORTE SUPLEMENTO DE CRÉDITO	TOTAL PARTIDA
Mellora da seguridade vial de accesos ao mercado de Pedrafita do Cebreiro	450.619	36.757,77	2.000,00	38.757,77
Mellora de camiño de acceso a parcelas agrícolas en a Lagúa, control de calidade e Estudo Integral da Rede Viaria Municipal	450.619	75.682,53	2.116 ,17	77.798,70

O importe total da modificación de crédito financiarase co remanente líquido de tesourería para gastos xerais, calculado según o establecido na regra 83 da Instrucción de contabilidade:

CONTROL DO REMANENTE DE TESOURERIA PARA GASTOS XERAIS(RTGX)	IMPORTE €
Remanente Inicial:	1.435.084,48
Remanente Utilizado:	0,00
Remanente Líquido de Tesourería Disponible:	1.435.084,48
Remanente Líquido de Tesourería en esta modificación:	4.116,17
Resto de Remanente de Tesourería Disponible:	1.430.968,31

Coa modificación antedita, o resumo por capítulos do orzamento en vigor quedaría como segue:

ESTADO DE INGRESOS

CAPÍTULOS	ANTERIOR	MODIFICACIÓN	TOTAL
1	160.389,95		160.389,95

2	0,00		0,00
3	109.393,68		109.393,68
4	770.938,08		770.938,08
5	6.296,40		6.296,40
6	0,00		0,00
7	378.419,42		378.419,42
8	1042818,28	4.116,17	1.046.934,45
9	0,00		0,00

ESTADO DE GASTOS

CAPÍTULOS	ANTERIOR	MODIFICACIÓN	TOTAL
1	1.157.331,91		1.157.331,91
2	377.797,13		377.797,13
3	400,00		400,00
4	57.192,43		57.192,43
5	0,00		0,00
6	875.534,34	4.116,17	879.650,51
7	0,00		0,00
8	0,00		0,00
9	0,00		0,00

O que se fai público en cumprimento a normativa vixente, significando que contra a aprobación definitiva, as persoas lexitimadas poderán interpoñer recurso contencioso administrativo na forma e prazo que establecen as normas da devandita xurisdición.

Pedrafita do Cebreiro, 20 de xuño de 2024.- O alcalde, José Luis Raposo Magdalena.

R. 1854

QUIROGA*Anuncio*

A Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria celebrada o día 13 de xuño de 2024, adoptou o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- A aprobación do padrón de auga, sumidoiro, lixo e ecotaxa correspondente ao 2º trimestre do exercicio 2024.

SEGUNDO.- A exposición pública polo prazo de 15 días a efectos de exame e reclamacións, mediante a inserción de edicto no BOP e mediante anuncio no taboleiro de edictos do Concello conforme ao establecido na Lei Xeral Tributaria e a Ordenanza Fiscal Reguladora.

TERCEIRO.- Poñer ao cobro no termo do artigo 62.2 da Lei 58/2003, en período voluntario, se a notificación da liquidación se realiza entre os días 1 e 15 de cada mes dende, a data da recepción da notificación ata o día 20 do mes posterior ou, se este non fose hábil, ata o inmediato hábil seguinte; si a notificación da liquidación se realiza entre os días 16 e o último de cada mes, dende a data da recepción da notificación ata o día 5 do segundo mes posterior ou, se este non fose hábil, ata o inmediato hábil seguinte. A partir da devandita data pasarase a recadación executiva co seguinte recargo de apremo e demais costas derivados da execución forzosa.

CUARTO.- A falta do pago no período voluntario indicado suporá a exixencia do canon da auga directamente ao contribuínte pola vía executiva da Consellería competente en materia de Facenda da Xunta de Galicia.

QUINTO.- A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativo ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo de 1 mes dende que se entenda producida a notificación.

Quiroga, 14 de xuño de 2024.- O alcalde-presidente, José Luis Rivera Castro.

R. 1855

SARRIA

Anuncio

NOTIFICACIÓN COLECTIVA DE DÉBEDAS TRIBUTARIAS DE VENCEMENTO PERIÓDICO

PADRÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR

EDICTO

De conformidade co establecido no artº 102.3 da Lei 58/2003, xeral tributaria, do 17 de decembro, notifícase colectivamente a liquidación do prezo público correspondentes ó servizo de axuda no fogar do **MES DE MAIO DE 2024**.

O expediente poderá ser consultado polos interesados nas dependencias de servizos sociais do Concello de Sarria, durante o prazo de 15 días a contar dende a publicación deste anuncio no BOP de Lugo.

Contra as liquidacións provisionais anteriores, poderase interpoñer recurso de reposición perante o órgano competente do Concello no prazo dun mes, a contar dende o día seguinte o de finalización do prazo de exposición, ou calquer outro que se considere procedente. Todo iso, en virtude do establecido no artº 14.2 do Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

ANUNCIO DE COBRANZA

De conformidade co establecido no art º 24 e 25 do Regulamento Xeral de Recaudación , aprobado por R.D. 939/2002, do 29 de xullo e artº 6 da ordenanza fiscal municipal comunícase como PRAZO, LUGAR E FORMA DE PAGO:

Nos primeiros vinte días do mes seguinte á prestación do SAF, na entidade bancaria que a persoa usuaria estableceu para o seu efecto.

Infórmase de que as débedas derivadas da falta de pago do prezo público serán esixidas de conformidade co disposto na lexislación tributaria polo procedemento administrativo de constrinximento.

Sarria, 4 de xuño de 2024.- O ALCALDE PRESIDENTE, Claudio M. Garrido Martínez.

R. 1856